

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN09	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0739	Formación e orientación laboral	2023/2024	3	107	107
MP0739_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	3	62	62
MP0739_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	3	45	45

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	BEGOÑA LAGE FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de FOL forma parte do currículo de todos os ciclos formativos que integran a formación profesional reglada. E isto é así debido a que todos os alumnos que pretenden converterse en futuros profesionais deben recibir unha formación básica xeral con independencia do seu perfil profesional. Todos eles deberán coñecer os seus dereitos e deberes como traballadores por conta allea, recibir formación básica en prevención de riscos laborais e adestrarse nas técnicas de busca de emprego que posibiliten a súa inserción laboral.

No contexto galego, cómpre destacar a atribución dunha carga horaria específica para cada unha das dúas unidades formativas do módulo. Así, atribuíndo un total de 45 horas á UF1, dótase ao módulo de FOL dun valor engadido, xa que a superación do módulo facilita a obtención do título de Técnico Básico en Prevención de Riscos Laborais.

O currículo do módulo baséase no Deseño Curricular Base (DCB), establecido por decreto da Consellería de Educación. Os DCBs constitúen, por tanto, a fonte normativa na que os profesores debemos inspirarnos á hora de elaborar as nosas programacións de aula para cada módulo. Por outra banda, cómpre lembrar que os DCBs apróbanse en Galicia a partir do establecido con carácter xeral no Deseño Base de cada Título (DBT), establecido por Real Decreto emitido polo ministerio de Educación e con vixencia en toda España.

O currículo do módulo é común en todos os ciclos de FP Regrada, con independencia das cualificacións profesionais que se poidan adquirir coa obtención de cada título, e esta circunstancia posibilita a súa validación académica cando un alumno superou este módulo noutro ciclo formativo, xa sexa de grao medio ou superior. Isto supón unha importante novidade no deseño curricular establecido pola LOE para este módulo.

En canto á súa adecuación ao ámbito produtivo, o currículo deste módulo prepara os alumnos para a súa inserción laboral nas empresas localizadas na bisbarra de Vigo. O CIFP Manuel Antonio está ubicado no barrio do Meixoeiro, concello de Vigo, no que se pode denominar un entorno semiurbano.

Os alumnos proceden de Vigo e dos concellos limítrofes, xa que os estudantes que viven nos pobos da comarca que están interesados en cursar determinados ciclos formativos vense obrigados a acudir ós centros da cidade. Por tanto, non que se trate dun alumnado se pode dicir urbano na súa totalidade, xa que moitos proceden de vilas das comarcas veciñas e outros residen nas áreas rurais do concello de Vigo. As familias dos alumnos teñen, en xeral, un nivel socioeconómico medio e medio-baixo, sen ningunha outra característica sociolóxica a destacar.

OBXECTIVOS XERAIS

Tal e como recolle a LOE no seu capítulo I adicado aos principios da educación, o sistema educativo debe orientarse ao pleno desenvolvemento das capacidades do alumnado así como capacitar ao mesmo para o exercicio das actividades profesionais. Entre os obxectivos establecidos por esta lei para a FP, cómpre destacar aqueles que teñen unha relación directa co módulo de FOL, que son os seguintes:

Comprender os mecanismos de inserción profesional, os diferentes tipos de organizacións nos que poden chegar a traballar así como a lexislación laboral e os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais que nun futuro terán.

Aprender a traballar en equipo, adestrar as habilidades sociais que lles permitan resolver conflitos de xeito positivo e tomar conciencia e fomentar a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres co obxecto de que poidan acceder a unha formación que lle permita todo tipo de opcións profesionais e o exercicio destas.

Prever posibles riscos no traballo adoptando todas as medidas de seguridade e saúde necesarias.

Ter unha visión motivadora do perfil profesional que os dirixa a querer mellorar e adaptarse ós cambios que se produzan tanto na organización

como no entorno productivo.

Tendo á vista a lexislación educativa galega, conforme ao Decreto 114/2010 citado, enuméranse os seguintes obxectivos, vencellados estreitamente con este módulo:

Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, e os mecanismos de inserción profesional.

Coñecer a lexislación laboral, e os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais.

Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

Traballar en condicións de seguridade e saúde, e previr os posibles riscos derivados do traballo.

Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.

RESULTADOS DE APRENDIZAXE (RA)

Tomando como referencia o DCP do módulo, enuméranse os obxectivos didácticos que con carácter xeral se pretenden acadar con cada módulo profesional. Estes obxectivos nos DCBs dos ciclos formativos de FP exprésanse en termos de Resultados de Aprendizaxe (RA) e enténdense como as competencias que debe adquirir o alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe que lles ha de permitir desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

O art. 10 do Decreto 114/2010, que sinala que o currículo de determinados módulos profesionais pode dividirse en Unidades Formativas de menor duración. Este é caso do módulo de FOL, no que os RAs. distribúense en dous bloques ou Unidades Formativas:

Resultados da Aprendizaxe da U. F. 1: Prevención de Riscos laborais (45 horas)

1. Recoñecer e identificar os termos asociados á saúde e seguridade laboral xunto cos dereitos e obrigas das persoas traballadoras e empresarias en esta materia.
2. Analizar e avaliar as condicións do posto de traballo e os factores de risco máis habituais no sector administrativo que poidan afectar á súa saúde.
3. Coñecer o plan de prevención de riscos laborais dun centro de traballo, todos os axentes implicados e as súas responsabilidades e os organismos públicos relacionados coa materia.
4. Definir as medidas de prevención e de protección individual e colectiva nas ocupacións e postos.

Resultados da Aprendizaxe da U. F. 2: Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social e procura de emprego (62 horas)

1. Formar ao alumnado no desenvolvemento de equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.

2. Coñecer o sistema de Seguridade Social en España.

3. Coñecer as diferentes relacións laborais entre organización e persoas traballadoras así como os dereitos e deberes derivados das mesmas.

4. Planificar o itinerario profesional individual tendo en conta a educación permanente e as oportunidades de emprego ó longo da vida.

Atendendo a estes obxectivos, que con carácter xeral establece a lexislación educativa, basicamente a LOE, a galega e os DCBs dos ciclos formativos, sinálanse os obxectivos específicos do módulo para cada unidade didáctica, no correspondente apartado desta programación

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Traballo e saúde	Marco normativo básico e conceptos fundamentais en materia de prevención laboral. Identificación e clasificación dos factores de risco derivados das condicións de traballo	18	14
2	O plan de prevención e a xestión da prevención.	Estudiaranse as técnicas de prevención e protección, así como as sinais máis xerais e de utilización máis frecuente no sector profesiona	14	13
3	Emerxencias e primeiros auxilios	Estudiaranse as accións en situacións de emerxencias e as técnicas de primeiros auxilios	13	13
4	A relación laboral, o contrato de traballo e a xornada	Caracterización da relación laboral e as normas que a regulan. Elementos e modalidades dun contrato de traballo	12	12
5	A nómina e a Seguridade Social	Análise da regulación da xornada, do salario e doutras condicións de traballo. Análise do Convenio Colectivo	18	12
6	A representación dos traballadores e a modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	Os representantes dos traballadores na empresa e as súas competencias. Análise das causas e efectos da modificación, suspensión e extinción do contrato	15	12
7	Orientación laboral e procura de emprego.	Análise das propias competencias persoais e profesionais. O proceso de búsqueda de emprego	12	12
8	Equipos de traballo. Conflictos e negociación.	Análise dos equipos de traballo e o seu funcionamento eficaz. Conflictos	5	12

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Traballo e saúde	18

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector sanitario
CA1.6.1 Comprendéronse os dereitos xerais dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais
CA1.6.2 Identificáronse os artigos do convenio e normativa conexas que desenvolven os dereitos en prevención de riscos laborais
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais

4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde. Casos reais de accidentes de traballo ou enfermidades profesionais Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral. Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais. Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral. Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O plan de prevención e a xestión da prevención.	14

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector sanitario	SI
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados	SI
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en Hixiene Bucodental	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en Hixiene Bucodental
CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles
CA2.3 Clasifícanse e descríbense os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en Hixiene Bucodental
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en Hixiene Bucodental
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade
CA2.5.1 Identifícanse e clasifícanse os riscos no entorno de traball
CA2.5.2 Comprendeuse a relación entre riscos, probabilidades e consecuencias
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa
CA3.2 Clasifícanse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos
CA3.4 Identifícanse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén
CA3.6.1 Estableceuse no plan de prevención a información sobre responsabilidades e funcións
CA3.6.2 Detállanse as principais responsabilidades e funcións en materia preventiva
CA3.7 Defínese o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en Hixiene Bucodental
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título
CA4.1 Defínense as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse

Criterios de avaliación
CA4.1.1 Incorporáronse no plan de prevención as medidas de prevención e protección segundo os riscos avaliados
CA4.1.2 Analizáronse as técnicas e medidas de prevención e protección adecuadas a situacións simuladas
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.</p> <p>Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.</p> <p>Accidente de traballo</p> <p>Enfermidade profesional</p> <p>Riscos específicos no sector sanitario en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.</p> <p>Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector sanitario.</p> <p>Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.</p> <p>Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.</p> <p>Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.</p> <p>Planificación da prevención na empresa.</p> <p>Formas de organización da prevención</p> <p>Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.</p> <p>Plan de autoprotección</p> <p>Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.</p> <p>Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.</p> <p>Medidas de prevención e protección individual e colectiva.</p> <p>Sinalización de seguridade en materia preventiva</p> <p>Medidas de prevención e protección segundo os riscos atopados</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Emerxencias e primeiros auxilios	13

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en Hixiene Bucodental	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia
CA4.4.1 Aprenderonse os principios xerais de actuación ante unha emerxencia
CA4.4.2 Evaluouse a importancia de protexer ao accidentado e ao resto de persoas
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias
CA4.6.1 Aprenderouse o procedemento do soporte vital básico e as principais técnicas de primeiros auxilios
CA4.6.2 Identificouse o contido mínimo dun botiquín de primeiros auxilios en centro de traballo

4.3.e) Contidos

Contidos
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A relación laboral, o contrato de traballo e a xornada	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos
CA2.4.1 Analízanse as principais modalidades de contratación
CA2.4.2 Identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados N 10 colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral

4.4.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
O contrato de traballo
O teletraballo
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A nómina e a Seguridade Social	18

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en Hixiene Bucodental
CA2.6.1 Analizáronse as condicións do convenio colectivo aplicable
CA2.6.2 Comparáronse as condicións do convenio colectivo co estatuto de traballadores
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran
CA2.8.1 Enumeráronse os elementos que integran unha nómina
CA2.8.2 Confeccionouse unha nómina cos datos aportados
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa
CA3.3.1 Valorouse a contribución a sistema da Seguridade Social a través da cotización
CA3.3.2 Calculáronse bases de cotización e taxas segundo o suposto plantexado
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico

4.5.e) Contidos

Contidos
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en Hixiene Bucodental. Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc. Condicións principais do convenio colectivo Condicións principais do estatuto de traballadores

Contidos**Nómina e retribución****Conciliación laboral e familiar**

A seguridade social como pilar do estado social.

Estrutura do sistema de seguridade social.

Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.

Bases e tipos de cotización

Protección por desemprego.

Prestacións contributivas da seguridade social.

Incapacidade**Xubilación****Morte e supervivencia****Nacemento de fill@**

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A representación dos traballadores e a modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	15

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral
CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa
0 CA2.10.1 Defínense as formas de representación dos traballadores
0 CA2.10.2 Defínense as formas de representación dos traballadores
CA2.11 Analízanse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo

4.6.e) Contidos

Contidos
0 Representación das persoas traballadoras na empresa. Conflitos colectivos. Folga Peche patronal Novos contornos de organización do traballo. Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo. Nómina de liquidación Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Orientación laboral e procura de emprego.	12

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en Hixiene Bucodental
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en Hixiene Bucodental
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego
CA4.8.1 Seleccionáronse postos de traballo acordes á formación e elaboráronse CV e carta de presentación
CA4.8.2 Desenvolvéronse técnicas de preparación e realización dunha entrevista de traballo
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título

4.7.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en Hixiene Bucodental.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en Hixiene Bucodental.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en Hixiene Bucodental.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.
Entrevista de traballo



Contidos

CV

Carta de presentación

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Equipos de traballo. Conflictos e negociación.	5

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en Hixiene Bucodental e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo
CA1.5.1 Establecéronse os cauces adecuados para solucionar conflitos en equipos de traballo
CA1.5.2 Propuséronse procedementos de solucións de conflitos ante situacións simuladas
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros

4.8.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector sanitario segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.
Estratexias competitivas
Estratexias colaborativas

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exigibles:

Os mínimos exigibles para acadar a avaliación positiva no módulo de FOL veñen determinados polas unidades desenvolvidas no apartado 4 e pola consecución por parte do alumnado dos resultados de aprendizaxe. Para poder aprobar o módulo, polo tanto, o alumnado terá que acadar unha nota mínima de 5 en cada unha das unidades didácticas.

Para cada unha das unidades didácticas figuran aqueles criterios de avaliación que son considerados mínimos exigibles, considerándose que o alumno/a debe acadalos para ter un rendemento normal.

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

Criterios de cualificación:

1. A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais, redondeándose por exceso ou defecto, entre 1 e 10. Considerarase que o alumno/a superou o resultado se obtén unha puntuación mínima de 5 sobre 10 puntos.

A cualificación final do módulo será a nota media das diferentes notas parciais obtidas nas avaliacións parciais.

2. O profesor pode decidir agrupar varios resultados de aprendizaxe e unir os RA asociados a prevención de riscos laborais e os RA asociados a dereito do traballo e da seguridade social para avalialos.

A estes efectos considerarase que os catro resultados de aprendizaxe da unidade formativa de prevención de riscos laborais, constitúen un único resultado e os restantes resultados de aprendizaxe da unidade formativa de equipos, dereito e seguridade social e procura de emprego, outro.

3. O alumno superará o módulo sempre e cando alcance o mínimo exigible en todos e cada un dos resultados de aprendizaxe, polo que o alumno/a que non realice positivamente algunha proba/actividade/traballo proposto en tempo e forma, non superará o módulo.

4. Para acadar a avaliación positiva será preciso acadar unha puntuación mínima de 5 puntos en tódalas unidades didácticas.

En cada avaliación, a cualificación total máxima será de 10 puntos, que se ponderarán nos seguintes apartados a avaliar:

- **PROBAS:** (tipo test, V ou F, pregunta corta, resolución de supostos prácticos). Suporán un 70% da nota. As probas escritas que conteñan preguntas tipo test ou V/F, e que sexan contestadas de forma incorrecta, restarán segundo o especificado no enunciado da pregunta.

Para poder ser avaliado como positivo neste apartado será necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10 nos referidos exames antes de aplicar a ponderación. Entre todas as probas realizadas no trimestre calcularase a media aritmética, sempre e cando o alumno obteña un mínimo de 4 en cada proba. De non ser así o alumno terá que acudir ao sistema de recuperación.

Estas probas escritas serán realizadas dunha soa unidade didáctica ou varias conxuntamente, e o número de preguntas poderá variar dunha proba a outra. O alumno terá que ter superadas todas as unidades didácticas para poder ter un aprobado no módulo.

- TAREFAS: (resolución de exercicios, traballos, procedementos indicados polo profesor en cada UD). Suporán un 30% da nota. Na realización de traballos ou exercicios obrigatorios deben de ser entregados en tempo e forma.

Non serán cualificadas aquelas actividades e traballos presentados fóra do prazo (salvo casos excepcionais de forza maior apreciados pola profesora) e por vía distinta á indicada pola profesora para cada tarefa.

As tarefas e actividades presentadas deberán ser orixinais. Se se detectasen tarefas plaxiadas anularanse e perderase a súa puntuación correspondente a elas. No caso de que dúas ou máis persoas presentasen a mesma tarefa a sanción aplicarase a todas elas.

A CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO, conformarase como a media das avaliacións parciais sempre que en todas elas o alumno conte cunha nota igual ou superior a 5 puntos.

Na primeira e na segunda avaliación parcial, a cualificación será a media do resultado obtido nas primeiras unidades didácticas. No caso de que o alumnado teña unha media superior ao 5 pero no teña aprobada algunha das unidades, a nota final destas avaliacións parciais será dun 4 máximo.

Na terceira avaliación, a cualificación corresponderá coa media ponderada, segundo o seu valor, de todas as unidades do módulo. O alumno que non teña aprobada algunha das unidades ou dos resultados de aprendizaxe, obterá unha cualificación máxima de 4 puntos.

Salientar que esta nota final coincidirá coa nota do último trimestre sempre que esta última sexa igual ou superior a cinco.

Tanto as cualificacións trimestrais como a final serán numéricas (entre 1 e 10), sen decimais. Se o 1º decimal é inferior a 5, a nota redondearase á baixa. Se pola contra o primeiro decimal é 5 ou superior a 5, a nota redondearase á alta.

Criterios de cualificación:

- Exame: 70%

- Actividades: 30%

- En ningún caso o feito de aprobar calquera das avaliacións parciais suporá o aprobado das demais.

Na realización das probas obxectivas poderá usarse calculadora, quedando prohibido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera dispositivo de comunicación co exterior.

AVALIACIÓN FINAL: No suposto que todas elas estean aprobadas (nota de cada avaliación igual ou superior a 5 sobre 10) a nota final do módulo será a media ponderada das notas correspondentes ás 3 avaliacións, en función do peso das unidades didácticas que formaron parte de cada avaliación. Dito peso será o seguinte:

Traballo e saúde: 14%

A xestión da prevención: 14%

Emerxencia e primeiros auxilios: 13%

Relación laboral, contrato e xornada : 12%

A nómina e a Seguridade Social: 12%.

Representación e modificación, suspensión e extinción: 12%

Orientación laboral: 12%

Equipos de traballo e resolución de conflitos: 5%

Motivos para repetir un exame:

- Hospitalización do interesado.
- Falecemento ou hospitalización dalgún familiar de 1º ou 2º grao.
- Asistencia a consulta de médico especialista que non poida ser cambiada.
- Outras causas de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciadas pola profesora: enfermidade, accidente, baixa laboral....

Todos estos motivos deberán estar documentalmente xustificados e o exame repetirase sempre que o alumnado se reincorpore dunha data previa á celebración da avaliación correspondente. Con independencia do dito, o alumnado poderase presentar á recuperación da avaliación trimestral.

As persoas que durante a celebración dun exame sexan sorprendidas utilizando calquera medio fraudulento para copiar serán cualificadas na avaliación correspondente como suspensas, cunha puntuación nun 1 nesa proba, e deberán examinarse desa parte no exame final de xuño. Aquelas persoas que cheguen tarde á realización dunha proba sen motivo xustificado non terán dereito a facela, tendo a posibilidade de presentarse á recuperación trimestral correspondente.

. En caso de ter un motivo xustificado poderase presentar sempre e cando, non tivese abandoado a aula ningún dos estudantes presentados á proba.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para establecer os procedementos das actividades de recuperación baséome na Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Nestas actividades procurarase potenciar aqueles obxectivos que o alumno/a non puido alcanzar. Con esta finalidade o profesor informará o alumno/a do desenvolvemento das actividades de recuperación, da súa temporalización e das datas nas que será avaliado.

O alumnado que teña unha nota media inferior a 5 nun trimestre, terá dereito a realizar unha recuperación durante as tres primeiras semanas do trimestre posterior.

Para a obtención dunha avaliación positiva, aplicaranse os criterios de cualificación expostos no apartado 5.

O profesor indicará as tarefas de repaso e aprendizaxe, similares ás realizadas durante a avaliación, para preparar esta proba. Estará dispoñible durante este tempo para repastos, resolución de dúbidas, realización de simulacros ou corrección de actividades parciais. No caso de non superar esta proba, optará a unha recuperación final no mes de xuño das unidades pendentes.

Chegada a fin do último trimestre, e antes da avaliación final, a xefatura de estudos marcará unhas datas para a realización de actividades de recuperación. O alumnado que non superara un ou varios dos trimestres poderá asistir a clase nos horarios marcados e o profesorado tentará resolver as súas dúbidas, realizará explicacións complementarias e dará exercicios de adestramento para axudar ao alumnado a superar o módulo. Todo isto cumprimentarase no informe individualizado de avaliación, no seu caso.

A xefatura de estudos fixará a data da avaliación final durante o mes de xuño. Esta avaliación realizarase mediante unha proba escrita que incluíra preguntas teóricas e exercicios de tipo práctico e estará dividida por unidades. O alumnado presentárase unicamente á recuperación das unidades que non superase.

Para poder superar o módulo, o alumnado deberá acadar unha nota mínima de 5 en cada unha das unidades que teña pendentes.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O artigo 25.3 do capítulo VIII da Orde do 12 de xullo anteriormente citada establece que o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. É o profesorado o encargado de valorar a xustificación - ou non- desas faltas atendendo ás circunstancias persoais e laborais da alumna ou alumno concreto.

Cando aconteza esta situación de perda de avaliación continua, que na materia de Formación e Orientación Laboral corresponde á falta de asistencia a 11 sesións ou máis, o alumnado terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente (artigo 25.5 da Orde antes citada).

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua tamén ten dereito a asistir á actividades de recuperación citadas no apartado anterior. A avaliación coincidirá na data coa avaliación final de recuperación nunha data fixada pola xefatura de estudos do centro e realizarase mediante unha proba escrita que incluíra preguntas teóricas e exercicios de tipo práctico.

A avaliación extraordinaria consistirá na realización dunha proba que constará dunha parte teórica e dunha parte práctica sobre os contidos do módulo:

- Parte teórica: poderá incluír cuestións de diferente tipo (tipo test ou de resposta curta).
- Parte práctica: consistirá en resolver diferentes supostos relacionados cos contidos do módulo.

Para a cualificación positiva na proba de avaliación extraordinaria hai que ter un mínimo de 5 puntos (dun total de 10) en cada parte da mesma

Para poder superar o módulo, o alumnado deberá acadar unha nota mínima de 5 nesta proba de avaliación e obter polo menos a metade da puntuación máxima de cada un dos resultados de aprendizaxe.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Coa axuda desta aplicación recolleranse as posibles desviacións que se vaian producindo sobre a programación inicial e a valoración do resultado das actividades prantexadas en relación coa temporalización e os obxectivos acadados, para introducir variacións no futuro que poidan mellorar a programación inicial e a práctica docente.

Mensualmente ademais farase unha posta en común na reunión de departamento para analizar e reflexionar sobre os resultados obtidos nas respectivas experiencias docentes dos integrantes do mesmo.

Ao finalizar o mes de xuño farase unha memoria final do desenvolvemento da programación, na que consten as posibles modificación para o seguinte curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso farase un seguimento dos alumnos, tomando as anotacións correspondentes sobre o seu nivel académico previo, o seu dominio das TICs e as motivacións para estudar este Ciclo formativo.

Posteriormente na primeira reunión do equipo docente farase unha posta en común, na acta da citada reunión constará dita avaliación inicial na mesma, coa finalidade de detectar calquera dificultade e poder reforzala dende o principio.

Nos primeiros días de clase, farase, asimismo unha pequena proba de coñecementos previos, da materia e xerais, que axuden a avaliar o seu nivel de coñecementos e información, e así poder abordar mais axeitadamente os contidos do módulo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Polo que se refire á atención á diversidade, ao longo do curso iranse adoptando as medidas de reforzo que se consideren necesarias para os alumnos ou alumnas que o precisen.

Deste modo podemos describir as seguintes medidas de reforzo con carácter xeral:

- Adquisición dos mínimos esixibles.

Para os alumnos que o precisen, repetición individualizada dalgúns explicacións, elaboración de materiais específicos que faciliten a comprensión e consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

- Adaptación aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo.

Cando o profesor considere necesario poderá ampliar o prazo de realización e entrega de tarefas para os alumnos que presenten dificultades

-Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.

-Crear un ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua e formar equipos de traballo que integren a alumnas/os con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Esta programación debe ser aberta e flexible para atender á diversidade do alumnado.

Desenvolverase coas seguintes finalidades básicas:

- Prever a aparición ou evitar a consolidación das dificultades de aprendizaxe. A este fin é importante personalizar o proceso de ensinanzaaprendizaxe ó máximo e buscar que os alumnos traballen apoiándose uns a outros a fin de conseguir suplir as deficiencias de cada un.

- Facilitar o proceso de socialización e autonomía de alumnos e alumnas. A este respecto o traballo en equipo convértese na pedra angular do proceso de ensinanza, nos mesmos débese potenciar a participación na busca de solucións e o consenso na busca das solucións correctas.

Non obstante, traballaranse especialmente os tres pivotes sobre os que se asenta o traballo eficaz dos equipos: comunicación, confianza e apoio mutuo.

- Asegurar a coherencia, progresión e continuidade da intervención educativa.
- Elaborar actividades axustadas ao nivel dos alumnos/as tendo en conta os seus coñecementos previos e as súas dificultades de aprendizaxe, especialmente aos que presentan necesidades educativas especiais. Entre elas, proporanse casos prácticos, exercicios, cuestionarios, probas de coñecemento, lectura de libros para o seu posterior análise e a elaboración de traballos coa finalidade de acadar os obxectivos didácticos mínimos segundo o acordado polo equipo docente.
- Fomentar actitudes de respecto cara ás diferenzas individuais. É básico na nosa metodoloxía didáctica que nos equipos de traballo se potencien as actitudes de respecto cara ás diferenzas individuais, tanto de sexo, raza, relixión....
- Garantir e fomentar a igualdade entre o alumnado, incidindo especialmente na igualdade entre homes e mulleres.
- Fomentar o respecto ao medio ambiente e tratar de concienciar ao alumnado sobre a repercusión das nosas actuacións sobre o planeta.

Para conseguir estas finalidades, as actividades de clase atenderán principalmente ó traballo en equipo e á axuda recíproca entre os alumnos.

O diálogo profesor/ alumnos debe ser continuo a fin de posibilitar a adaptación de determinadas actividades ó nivel de coñecementos de cada alumno.

Dentro da formación dos grupos procurarase que os mesmos sexan heteroxéneos a fin de posibilitar a axuda mutua.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares que se organicen polo departamento de F.O.L.

Para todos os módulos que compoñen a súa especialidade recolleranse no Plan de Actividades complementarias e extraescolares que elabore este mesmo departamento para cada curso.

- Charla sobre a búsqueda de emprego.
- Obradoiro sobre técnicas de primeiros auxilios: actividade complementaria aos temas de saúde laboral.
- Simulacro de evacuación do instituto.
- Charla sobre o mercado laboral. Poderase contar con membros de sindicatos, da Cámara de Comercio ou de asociacións empresariais.
- Cine fórum: visionado de películas como ferramenta de aprendizaxe.

Todo isto quedará condicionado pola situación sanitaria e realizarase se ista o permite.

10. Outros apartados

10.1) Explicación do módulo

Ao longo da primeira semana de clases a profesora explicará a programación do módulo, que estará disposición do alumnado na aula virtual.

Unha vez explicada a programación tamén se informará ó alumnado das seguintes cuestións:

- . Cómo se vai desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe.
- . As normas no módulo.



- Asistencia e puntualidade.

Explicaráselle como se procederá no caso de que algún alumno/alumna perda o dereito de avaliación continua no módulo de FOL.

- Uso do material.

- Material que cada alumno/a debe levar obrigatoriamente ás distintas actividades de aula previstas.

- Material didáctico. Proponse o uso de apuntamentos á disposición dos alumnos na aula virtual.

10.2) Libro de texto

Acórdase utilizar para este curso escolar 2023/2024 o libro de texto da editorial TuLibrodefp.